

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6945 *Lei 6/2021, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

Neste ano 2021 cúmprense 150 anos da creación do Rexistro Civil con implantación en toda España, pois o Decreto do 13 de decembro de 1870 determinou que a Lei provisional do Rexistro Civil e o seu regulamento, aprobado polo dito decreto, serían aplicables a partir do 1 de xaneiro de 1871.

A Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, implica a implantación dun novo modelo de Rexistro Civil único para toda España, informatizado, accesible electronicamente, cuxo mantemento corresponderá a funcionarios públicos distintos daqueles que integran o poder xudicial do Estado e cunha estrutura organizativa formada por unha oficina central, oficinas xerais e oficinas consulares, que comporta a reestruturación da organización actual do Rexistro Civil en todo o territorio nacional. A elas cabe engadir as funcións das oficinas colaboradoras que xurdirán da modernización tecnolóxica e procedemental dos actuais rexistros civís municipais delegados en xulgados de paz; o que comporta o despregamento do novo modelo do Rexistro Civil en todo o territorio nacional, aproveitando a organización actual como punto de partida.

Dada a complexidade da lei e o cambio absoluto respecto ao modelo anterior do Rexistro Civil, precisase necesariamente dun período de implementación desde o punto de vista tecnolóxico, estrutural e organizativo, para os efectos de dotación de medios dixitais e materiais, provisión de prazas e formación de persoal. Fundamentalmente, desde o punto de vista tecnolóxico, ese período de *vacatio legis* amplo posibilitou o adecuado desenvolvemento da plataforma dixital adaptada ao novo modelo, sobre a cal se inscribirán todos os feitos relativos ao estado civil das persoas que deban acceder ao Rexistro, se organizará a publicidade da información rexistral en formato dixital e se posibilitará o seu acceso telemático, respecto dos cidadáns, mediante a súa identificación electrónica. Todo iso estruturouse coa simultánea utilización da información procedente do antigo Rexistro Civil, que está dixitalizada na súa maior parte, pero que presenta unha estrutura de datos diferente, o que exixiu unha coidadosa análise para evitar disfuncións no tratamento da información rexistral e na implantación da nova estrutura organizativa.

Durante o período transcorrido desde a publicación da lei mantivéronse diferentes enfoques en canto ao modelo de Rexistro Civil. A partir de abril de 2015, o Ministerio de Xustiza decidiu revisar a reforma do Rexistro Civil co obxectivo de alcanzar un consenso que conte cos apoios necesarios, tanto dos afectados como dos traballadores, os sindicatos e os partidos políticos, reafirmando así a vontade de mellorar a xestión do Rexistro Civil para conseguir un servizo público de calidade, gratuito e próximo aos cidadáns.

Na actualidade, este cambio xustifícase no sentido de redefinir algúns aspectos da lei para, en primeiro lugar, preservar a natureza do Rexistro Civil como un servizo público e gratuito. Ademais, a intención da reforma é garantir o acceso a todos os cidadáns, cunha rede de oficinas dotada de servizos electrónicos e adecuadamente capilarizada en todo o

territorio nacional, para proporcionar a necesaria proximidade aos usuarios do servizo rexistral; aproveitar a experiencia dos empregados públicos a cargo do seu mantemento para a implementación do novo modelo do Rexistro Civil e a súa culminación na data de entrada en vigor e, moi especialmente, respectar de forma escrupulosa e completa os seus dereitos e as súas expectativas profesionais durante o período de implantación do novo Rexistro e unha vez concluído este.

Por tanto, este novo modelo debe respectar en todo momento os principios dun rexistro civil orientado ás persoas e de carácter público, gratuíto e xestionado por empregados públicos. Un rexistro civil desxudicializado, pero integrado organizativamente dentro da Administración de xustiza, e que dota, a través das súas disposicións, da flexibilidade necesaria que permita acometer a súa implantación efectiva desde unha perspectiva posibilista. En calquera caso, este novo modelo garantizará a plena accesibilidade territorial ao Rexistro Civil e a continuidade dos postos de traballo que actualmente prestan o servizo. Ademais, o novo modelo procurará avanzar cara á exclusividade de funcións do persoal dedicado ao servizo do Rexistro Civil.

Entre as novidades que cabe destacar, establécese de maneira clara unha decidida aposta pola figura do letrado da Administración de xustiza como encargado, ao tratarse dun corpo superior xurídico de dilatada experiencia neste campo. A reforma tamén perfila de forma máis coidadosa o marco de colaboración entre as diferentes administracións públicas concorrentes neste servizo público, de forma que as comunidades autónomas participen no seu deseño, medios e execución da prestación, en virtude da súa atribución de competencias e dentro da estratexia de cogobernanza.

Ademais, convén efectuar unha serie de melloras técnicas en determinados preceptos que, co paso do tempo ou por anteriores reformas, quedaron desaxustados á realidade actual ou cuxa necesidade xurdiu no proceso de desenvolvemento da aplicación informática. Así, viuse que constitúe o sustento da institución rexistral que se preconiza a asignación do código persoal, de forma que sexa un número invariable que se atribúe a cada persoa. A regulación inicial, non demasiado clara neste aspecto, parecía asignar directamente o número do documento nacional de identidade (DNI) aos nados, como número persoal que xa permanecería invariable. Non obstante, observouse que ese sistema non era o adecuado, debido a que no frecuente suposto en que persoas con nacionalidade estranxeira sexan obxecto dalgunha inscrición no Rexistro Civil (sexa no momento do seu nacemento ou sexa posteriormente, no momento do seu matrimonio, da súa defunción, etc.) non dispoñen de DNI, polo que a asignación debía contar con todos os supostos existentes na realidade. Por iso, prevese a asignación de código persoal polo sistema informático do Rexistro Civil coa colaboración do Ministerio do Interior na súa confección, ao cal se asociará de forma inmediata o número do DNI cando a persoa teña nacionalidade española, ou calquera outro documento identificativo oficial noutro caso, e que será invariable durante toda a vida do suxeito.

Tamén se considerou necesario modificar a regulación da sinatura electrónica empregada no funcionamento do Rexistro Civil. Por unha banda, ten que considerarse que os encargados e o resto de persoal funcionario deben contar con certificados de autenticación para poder acceder de forma segura ao sistema informático. E por outra, en canto á sinatura electrónica que se incorpore ao dito certificado, distínguense a que se emprega para a práctica de asentos, que será a propia do encargado que asine o asento, e a que se empregará para a expedición de certificacións, que se poderá automatizar con base na identificación dixital previa do solicitante, e que por iso se deberá verificar cun selo cualificado de sistema. Á vez, débese recoller no texto da lei a modificación do sistema introducida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. É necesario tamén actualizar algúns termos ou cuestións técnicas que quedaron desfasadas no transcurso do tempo.

Outra cuestión importante que se introduce nesta reforma é a axilización dos procedementos de cambios de apelidos e mesmo de identidade, en supostos de violencia machista, ao incorporalos no artigo 54, que regula os procesos que resolve o propio encargado do Rexistro Civil.

A entrada en vigor da lei foi sufrindo sucesivos aprazamentos, xa que, se inicialmente se estableceu que esta se produciría aos tres anos da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», é dicir, o 22 de xullo de 2014, posteriormente foron necesarios períodos adicionais polas diferentes vicisitudes acaecidas ao longo deste tempo. Agora preténdese que a entrada en vigor se produza na última data prevista do 30 de abril de 2021, sen ulteriores aprazamentos, xa que unha institución da importancia do Rexistro Civil para todo o Estado e que coa súa organización máis moderna e eficiente vai presentar unha enorme utilidade práctica para todos os cidadáns e para a mellor prestación dos servizos públicos xustifica sobradamente o grande esforzo organizativo, tecnolóxico e económico que a súa implantación vai exixir.

Non obstante, iso require a adecuada racionalización do proceso. A posta en funcionamento de forma simultánea de todas as novas oficinas do Rexistro Civil constituiría unha forma de organización enormemente ineficiente que, ante a escaseza de recursos públicos e á luz dos principios sobre o funcionamento das administracións públicas e os órganos do sector público, se considera inadecuada (en particular, de acordo co artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os principios de racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, responsabilidade pola xestión pública, planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, economía, adecuación estrita dos medios aos fins institucionais e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos). É imprescindible o deseño dun proceso coherente de implantación das novas oficinas, co máximo aforro e rendibilización dos medios que se van empregar.

Para propiciar todo iso, nesta reforma búscase que o xogo das disposicións transitorias cuarta, oitava e décima, máis a adicional segunda, permita a implantación progresiva aludida, con tres escenarios: o previo á transformación, a implantación do sistema informático coa aplicación da Lei 20/2011 e, finalmente, a aprobación das relacións de postos de traballo en cada oficina ou grupo de oficinas, que completa a transformación.

Para facer realidade o anterior, é preciso aglutinar o consenso político e social necesario ao redor dun proxecto de transformación do Rexistro Civil con visos de permanencia no futuro, que permitirá facer realidade o cambio de modelo. A modificación parcial dalgúns aspectos da Lei 20/2011 ten por obxecto adaptar a norma legal ao definitivo modelo de Rexistro Civil concibido, sen desnaturalizar o seu espírito, e permitir con iso a súa implantación. Iso xustifica o cambio propugnado, no sentido de redefinir algúns aspectos da lei, pero sen romper os eixos fundamentais daquela tal como foi promulgada e que foron anteriormente citados.

Artigo único. *Modificación da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.*

Os preceptos da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, que a seguir se relacionan, quedan modificados nos seguintes termos:

Un. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Código persoal.*

A cada rexistro individual aberto co primeiro asento que se practique asignaráselle un código persoal constituído pola secuencia alfanumérica xerada polo Rexistro Civil, que será única e invariable no tempo.»

Dous. O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Sinatura electrónica.*

1. Os encargados do Rexistro Civil disporán de certificados electrónicos cualificados. Mediante os ditos certificados electrónicos asinaranse os asentos do Rexistro Civil con sinatura electrónica avanzada. As certificacións das inscricións

electrónicas, ou as que se expidan por medios electrónicos, serán seladas directamente polo sistema, con selo electrónico avanzado baseado nun certificado de selo electrónico cualificado, agás nos supostos en que esta opción non sexa posible, caso en que serán asinadas polo encargado con sinatura electrónica avanzada mediante o seu certificado electrónico cualificado.

Así mesmo, o persoal do Rexistro Civil que se determine regulamentariamente poderá dispor de certificado electrónico cualificado con sinatura electrónica avanzada.

2. Garantirase a verificabilidade das sinaturas e selos electrónicos dos ditos asentos, mesmo unha vez caduque ou se revogue o certificado co cal se practicou o asento, mediante a utilización de formatos ou servizos que preserven a lonxevidade de sinaturas e selos electrónicos durante o tempo exixido pola lexislación vixente.

3. As persoas poderán identificarse electronicamente ante o Rexistro Civil a través de calquera dos sistemas previstos no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na normativa vixente en materia de identificación e sinatura electrónica.»

Tres. O punto 2 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«2. Os cidadáns poderán solicitar en calquera das oficinas do Rexistro Civil ou por medios electrónicos o acceso á información contida nel a través dos medios de publicidade previstos nesta lei.»

Catro. O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Estrutura do Rexistro Civil.*

1. O Rexistro Civil depende do Ministerio de Xustiza e organízase en:

- 1.º Oficina Central.
- 2.º Oficinas xerais.
- 3.º Oficinas consulares.

2. As inscricións e os demais asentos rexistrais serán practicados polos encargados das oficinas do Rexistro Civil.

Baixo a súa responsabilidade e nos termos e cos límites que regulamentariamente se determinen, o encargado poderá delegar funcións no persoal ao servizo da oficina do Rexistro Civil.

3. Os cidadáns poderán presentar a solicitude e a documentación requirida ante calquera oficina do Rexistro Civil ou remitila electronicamente. Igualmente, poderán presentar nas oficinas colaboradoras a solicitude e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil.»

Cinco. O punto 2 do artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«2. A Oficina Central do Rexistro Civil desempeña as seguintes funcións:

1.ª Practicar as inscricións que deriven de resolucións ditadas pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, referidas a feitos ou actos susceptibles de inscrición no Rexistro Civil.

2.ª Practicar a inscrición dos documentos auténticos estranxeiros xudiciais e extraxudiciais e certificacións de asentos estendidos en rexistros estranxeiros, agás aqueles cuxa competencia poida corresponder ás oficinas consulares do Rexistro Civil.

3.ª Practicar a inscrición de falecemento das persoas de nacionalidade estranxeira ao servizo das Forzas Armadas e das Forzas e Corpos de Seguridade, sempre que o dito falecemento ocorrese durante unha misión ou operación fóra

de España e que o sistema rexistral do Estado onde se produciu o feito non practique a pertinente inscrición. O anterior será sen prexuízo de trasladar a inscrición realizada ao Rexistro do Estado do que sexa nacional a persoa falecida.

4.^a Tamén desempeñará todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas polas leis.»

Seis. O artigo 22 queda redactado como segue:

«Artigo 22. *Oficinas xerais do Rexistro Civil.*

1. Existirá unha oficina xeral do Rexistro Civil en todas as poboacións que sexan sede da capital dun partido xudicial.

2. Á fronte de cada oficina xeral do Rexistro Civil estará un encargado do Rexistro Civil, que exercerá as súas funcións baixo a dependencia funcional da Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública. Por necesidades do servizo poderase designar máis dun encargado nunha oficina, caso en que se incluírá na correspondente relación de postos de traballo a consideración dun dos postos de encargado como encargado coordinador sen remuda de funcións, para os efectos de organización interna e distribución de tarefas conforme as instrucións ou protocolos que aprobe a Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública.

3. Son funcións das oficinas xerais do Rexistro Civil:

a) Recibir e documentar declaracións de coñecemento e de vontade en materias propias da súa competencia, así como expedir certificacións.

b) Recibir por vía electrónica ou presencial solicitudes ou formularios, así como outros documentos que sirvan de título para practicar un asento no Rexistro Civil.

c) Tramitar e resolver os expedientes de Rexistro Civil que lles atribúa o ordenamento xurídico.

d) Practicar as inscricións e os demais asentos da súa competencia.

e) Expedir certificacións dos asentos rexistrais.

f) Calquera outra función que lles atribúa a Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública.»

Sete. Modifícase o punto 4 do artigo 27, que queda redactado como segue:

«4. Os documentos presentados nas oficinas do Rexistro Civil e nas oficinas colaboradoras custodiaranse e conservaranse nos termos establecidos pola normativa reguladora desta materia para as administracións públicas.»

Oito. Modifícase o artigo 34, que queda redactado como segue:

«Artigo 34. *Asentos de resolucións xudiciais.*

O letrado da Administración de xustiza do órgano xudicial que ditase unha resolución cuxo contido deba causar asento no Rexistro Civil por afectar o estado civil das persoas deberá remitir por medios electrónicos á oficina do Rexistro Civil testemuño ou copia electrónica da resolución xudicial referida.»

Nove. Modifícase o ordinal 4.^o do artigo 53, que queda redactado como segue:

«4.^o A regularización ortográfica dos apelidos a calquera das linguas oficiais correspondente á orixe ou domicilio do interesado e a adecuación gráfica ás ditas linguas da fonética de apelidos tamén estranxeiros.»

Dez. Modifícase o artigo 54, que queda redactado como segue:

«Artigo 54. *Cambio de apelidos ou de identidade mediante expediente.*

1. O encargado do Rexistro pode autorizar o cambio de apelidos, logo do expediente instruído en forma regulamentaria.

2. Son requisitos necesarios da petición de cambio de apelidos:

a) Que o apelido na forma proposta constitúa unha situación de feito e que sexa o utilizado habitualmente polo interesado.

b) Que o apelido ou apelidos que se tratan de unir ou modificar pertencen lexitimamente ao peticionario.

c) Que os apelidos que resulten do cambio non proveñan da mesma liña.

Poderá formularse oposición fundada unicamente no incumprimento dos requisitos exixidos.

3. Abondará que concorra o requisito do uso habitual do apelido proposto, sen que se cumpran os requisitos b) e c) do punto 2, se o apelido ou apelidos solicitados corresponden a quen tiver acollido o interesado, sempre que aquel ou, por ter falecido, os seus herdeiros dean o seu consentimento ao cambio. En todo caso requirese que, por si ou os seus representantes legais, asintan ao cambio o cónxuxe e os descendentes do titular do apelido.

4. Non será necesario que concorra o uso habitual do apelido proposto, abondando con que se cumpran os requisitos b) e c) previstos no punto 2, para cambiar ou modificar un apelido contrario á dignidade ou que ocasione graves inconvenientes.

5. Cando se trate de vítimas de violencia de xénero ou dos seus descendentes que estean ou estivesen integrados no núcleo familiar de convivencia, poderá autorizarse o cambio de apelidos sen necesidade de cumprir cos requisitos previstos no punto 2, de acordo co procedemento que se determine regulamentariamente.

Nestes casos, poderá autorizarse por razóns de urxencia ou seguridade o cambio total de identidade sen necesidade de cumprir cos requisitos previstos no punto 2, de acordo co procedemento que se determine regulamentariamente.»

Once. Modifícase o artigo 55, que queda redactado como segue:

«Artigo 55. *Autorización do cambio de apelidos ou identidade en circunstancias excepcionais.*

Cando razóns de urxencia ou seguridade non previstas no artigo 54.5 ou outras circunstancias excepcionais o requiran, poderá autorizarse o cambio de apelidos ou o cambio total de identidade, por orde do Ministerio de Xustiza, nos termos fixados regulamentariamente.»

Doce. Modifícanse a rúbrica e o punto 3 do artigo 58, que quedan redactados como segue:

«Artigo 58. *Procedemento de autorización matrimonial.*»

«3. O procedemento finalizará cunha resolución en que se autorice ou denegue a celebración do matrimonio. A denegación deberá ser motivada e expresar, se é o caso, con claridade, a falta de capacidade ou o impedimento en que se funda a denegación.»

Trece. Modifícase o artigo 61, que queda redactado como segue:

«Artigo 61. *Inscripción da separación, nulidade e divorcio.*

O letrado da Administración de xustiza do xulgado ou tribunal que ditase a resolución xudicial firme de separación, nulidade ou divorcio deberá remitir no

mesmo día ou ao seguinte hábil e por medios electrónicos testemuño ou copia electrónica dela á Oficina Xeral do Rexistro Civil, que practicará de forma inmediata a correspondente inscrición. As resolucións xudiciais que resolvan sobre a nulidade, separación e divorcio poderán ser obxecto de anotación ata que adquiran firmeza.

A mesma obrigaón terá o notario que autorizase a escritura pública en que se formaliza un convenio regulador de separación ou divorcio.

As resolucións xudiciais ou as escrituras públicas que modifiquen as inicialmente adoptadas ou convidas tamén deberán ser inscritas no Rexistro Civil.

As resolucións sobre disolución de matrimonio canónico ditadas por autoridade eclesiástica recoñecida inscribíranse se cumpren os requisitos que prevé o ordenamento xurídico.»

Catorce. Engádesse un novo punto 3 ao artigo 68, coa seguinte redacción:

«3. As declaracións de vontade relativas á adquisición da nacionalidade española por residencia, carta de natureza e opción, así como a súa recuperación, conservación ou perda, e as declaracións de vontade relativas á veciñanza poderán realizarse ante o encargado do Rexistro Civil, notario, ou funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil.»

Quince. Modifícase o artigo 86, que queda redactado como segue:

«Artigo 86. *Presentación do recurso e prazo de resolución.*

1. O recurso dirixirase á Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública e formularase nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O interesado poderá presentar o recurso en calquera dos lugares previstos para a presentación de escritos e solicitudes facendo uso dos medios que prevé o ordenamento xurídico.

2. A Dirección Xeral resolverá o recurso no prazo de seis meses seguintes á recepción do escrito de interposición.

Transcorrido este prazo sen que a Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública ditase e notificase resolución expresa, entenderase desestimada a pretensión e quedará expedita a vía xurisdiccional correspondente.»

Dezaseis. Modifícase o punto 2 do artigo 88, que queda redactado como segue:

«2. A tramitación do procedemento axustarase ás regras previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos termos que regulamentariamente se dispoñan. O silencio administrativo nos procedementos rexistrals será negativo.»

Dezasete. A disposición adicional primeira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional primeira. *Localización e dotación das oficinas do Rexistro Civil.*

1. As oficinas xerais do Rexistro Civil localizaranse nas mesmas localidades que correspondan ás sedes dos actuais rexistros civís municipais principais, existentes á entrada en vigor desta lei nas sedes da capital dun partido xudicial.

O Ministerio de Xustiza, de oficio, logo do informe da comunidade autónoma afectada, ou por iniciativa da comunidade autónoma afectada, poderá modificar o número de oficinas xerais do Rexistro Civil.

2. Os postos de traballo das oficinas do Rexistro Civil só poderán ser cubertos por persoal da Administración de xustiza e ordenaranse de acordo co establecido nas correspondentes relacións de postos de traballo.

3. Mediante o procedemento previsto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, para a ordenación e integración das unidades que conforman as oficinas xudiciais determinaranse as correspondentes relacións de postos de traballo e as dotacións do persoal da Administración de xustiza necesario para as oficinas do Rexistro Civil. As relacións de postos de traballo poderán dispor a compatibilidade con funcións en oficina xudicial nos casos en que así se prevea regulamentariamente.

Dezaioito. A disposición adicional segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional segunda. *Réxime xurídico dos encargados do Rexistro Civil.*

1. Na forma e cos requisitos que regulamentariamente se determinen, as prazas de encargados do Rexistro Civil proveranse entre letrados da Administración de xustiza. A convocatoria e resolución dos concursos para prover as prazas corresponderán ao Ministerio de Xustiza. Non obstante, o Ministerio de Xustiza proverá polo sistema de libre designación as prazas de encargados da Oficina Central e de encargados daquelas oficinas xerais que se localicen nas localidades onde se encontraban rexistros civís exclusivos. O nomeamento e cesamento das prazas provistas polo sistema de libre designación serán por proposta das comunidades autónomas con competencias executivas en Rexistro Civil ou asumidas en materia de xustiza cando a dita oficina xeral estea situada no seu ámbito territorial. O encargado do Rexistro Civil recibirá a formación específica que determine o Ministerio de Xustiza.

2. O exercicio desta función polos membros do corpo de letrados da Administración de xustiza considerárase como situación de servizo activo no dito corpo e poderá ser compatible con funcións en oficina xudicial nos casos en que así se prevea regulamentariamente e na correspondente relación de postos de traballo.

3. O réxime de substitución dos encargados do Rexistro Civil establecerase regulamentariamente.

4. O incumprimento ou a inobservancia das instrucións, resolucións e circulares da Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública que deriven das facultades de supervisión e inspección dos rexistros civís que corresponden a ese centro directivo ou se poñan de manifesto por outra vía considerárase falta disciplinaria, conforme o tipificado regulamentariamente.»

Dezanove. Modifícase a disposición adicional quinta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional quinta. *Oficinas colaboradoras do Rexistro Civil e punto de acceso en concellos.*

Todas as secretarías de xulgados de paz ou as unidades procesuais de apoio directo a xulgados de paz, ou ben as oficinas de xustiza no municipio ou outras do mesmo tipo que se implanten en substitución das anteriores ou como complemento delas en virtude de posteriores reformas lexislativas, colaborarán co Rexistro Civil desempeñando, na forma que se desenvolva regulamentariamente, as funcións seguintes:

a) Recibirán por vía presencial e rexistrarán electronicamente solicitudes, declaracións ou formularios, así como outros documentos necesarios para a tramitación dos procedementos do Rexistro Civil.

b) Informarán os cidadáns en materias relacionadas cos procedementos do Rexistro Civil.

c) Expedirán certificacións dos asentos rexistrados que figuren nos libros físicos de Rexistro Civil que estean ao seu cargo e non se poidan certificar por medios electrónicos.

d) Expedirán certificacións electrónicas dos asentos rexistrados, que se soliciten presencialmente neles.

e) Expedirán certificados de fe de vida.

f) Practicarán as actuacións auxiliares non resolutivas que regulamentariamente se determinen.

g) Calquera outra que determine a Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública.

Nos municipios onde non se localice unha oficina xeral, ademais de existiren as oficinas colaboradoras coas funcións descritas anteriormente, os concellos poderán solicitar ao Ministerio de Xustiza que lles habilite as conexións necesarias, conforme se estableza regulamentariamente, para que os cidadáns poidan presentar nos ditos concellos as solicitudes e a documentación necesaria para as actuacións ante o Rexistro Civil.

As oficinas colaboradoras do Rexistro Civil non disporán de encargado propio e para o desempeño das súas funcións relacionaranse coa Oficina Xeral e co encargado do seu ámbito territorial. O encargado da Oficina Xeral do ámbito territorial do cal dependa unha oficina colaboradora pode delegar funcións no funcionario dos corpos xerais da Administración de xustiza de superior categoría que preste servizo nas oficinas colaboradoras ou ben no funcionario da Administración local que sexa expresamente designado por cada concello para atender a dita oficina da localidade que non estea servida por funcionarios da Administración de xustiza.»

Vinte. A disposición adicional sexta queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional sexta. *Uniformidade e dotación dos sistemas e aplicacións informáticas nas oficinas do Rexistro Civil.*

Todas as oficinas do Rexistro Civil utilizarán os mesmos sistemas e aplicacións informáticas. O Ministerio de Xustiza proverá, tanto no seu desenvolvemento como na súa explotación, o conxunto de aplicacións que soportan a actividade dos procesos operativos que se tramitan no Rexistro Civil.

O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias executivas na materia ou transferidas en medios materiais de Administración de xustiza establecerán os mecanismos de coordinación necesarios para proporcionar os servizos de acceso aos sistemas do Rexistro Civil, soporte microinformático, formación e atención a usuarios.»

Vinte e un. A disposición transitoria segunda queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria segunda. *Rexistros individuais.*

O Ministerio de Xustiza adoptará as disposicións necesarias para a progresiva incorporación dos datos dixitalizados que consten na base de datos do Rexistro Civil a rexistros individuais.

Para este efecto, incorporaranse aos rexistros individuais todas as inscricións de nacemento practicadas nos rexistros civís municipais, tanto principais como delegados, consulares e central, desde 1920, e todas as inscricións de matrimonio, defuncións e tutelas e demais representacións legais practicadas nos rexistros civís municipais, tanto principais como delegados, consulares e central, desde 1950.

O Ministerio de Xustiza procederá á recuperación informática dos asentos relativos a inscricións anteriores aos ditos anos progresivamente, en función das posibilidades orzamentarias.»

Vinte e dous. A disposición transitoria terceira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria terceira. *Libros de familia.*

A partir da data de entrada en vigor desta lei non se expedirán libros de familia.

Os libros de familia expedidos con anterioridade á entrada en vigor desta lei seguirán tendo os efectos previstos nos artigos 8 e 75 da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957.»

Vinte e tres. A disposición transitoria cuarta queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria cuarta. *Extensión e práctica de asentos.*

Ata que o Ministerio de Xustiza aprobe, mediante resolución da Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública, a entrada en servizo efectiva das aplicacións informáticas que permitan o funcionamento do Rexistro Civil de forma integramente electrónica conforme as previsións contidas nesta lei, os encargados das oficinas do Rexistro Civil practicarán nos libros e seccións correspondentes regulados pola Lei do 8 de xuño de 1957 os asentos relativos a nacementos, matrimonios, defuncións, tutelas e representacións legais. Non resultará de aplicación, nestes casos, o previsto nesta lei respecto do código persoal.

Con este obxecto, manterán as súas tarefas e funcións de Rexistro Civil segundo o previsto no artigo 2.2 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, en relación cos artigos 10 a 22 da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957, os que ata o momento da completa entrada en vigor desta lei viñesen exercendo nos rexistros civís como encargados, encargados por delegación, letrados da Administración de xustiza e persoal funcionario dos corpos xerais da Administración de xustiza, e continuará aplicándose o artigo 27 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.

Para a tramitación de procedementos, expedición de publicidade e práctica de asentos nos termos do parágrafo anterior, en canto non se produza a referida entrada en servizo das aplicacións informáticas, serán competentes as oficinas do Rexistro Civil que o veñan sendo conforme as regras previstas nos artigos 15, 16, 17, 18 e 19 da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957, que se seguirán aplicando transitoriamente só para estes efectos.

Co fin de facilitar e axilizar a entrada en servizo efectivo das aplicacións informáticas, así como para axilizar a incorporación de datos dixitalizados aos rexistros individuais, conforme o disposto na disposición transitoria segunda desta lei, o Ministerio de Xustiza, en colaboración coas comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, desenvolverán e presentarán proxectos adecuados no marco do Plan de transformación, recuperación e resiliencia.

O Goberno, a través do Ministerio de Xustiza, informará periodicamente as Cortes Xerais sobre o proceso de implantación do novo modelo de Rexistro Civil.»

Vinte e catro. Modifícase o punto 2 da disposición transitoria quinta, que queda redactado como segue:

«2. Adecuaranse os formatos e modelos de certificacións co fin de posibilitar o uso das linguas oficiais.»

Vinte e cinco. A disposición transitoria oitava queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria oitava. *Creación de oficinas do Rexistro Civil. Encargados e réxime transitorio dos letrados da Administración de xustiza. Continuidade do persoal ao servizo da Administración de xustiza destinado no Rexistro Civil.*

1. Á entrada en servizo efectiva das aplicacións informáticas que permitan o funcionamento do Rexistro Civil de forma integramente electrónica cando así o

estableza a resolución ou resolucións que se diten ao abeiro da disposición transitoria cuarta, quedarán suprimidos os xulgados que, de forma exclusiva, veñan exercendo funcións de Rexistro Civil Exclusivo e de Rexistro Civil Central e, no seu lugar, crearanse as oficinas xerais de Rexistro Civil e a Oficina Central de Rexistro Civil.

Nas demais poboacións sedes da capital dun partido xudicial, á entrada en servizo efectiva das aplicacións informáticas segundo o indicado no parágrafo anterior, os xulgados de primeira instancia ou de primeira instancia e instrución que veñan realizando as funcións de Rexistro Civil continuarán realizándoas, igualmente en calidade de oficinas xerais de Rexistro Civil.

2. Os letrados da Administración de xustiza que, no momento da entrada en servizo efectiva das aplicacións informáticas que permitan o funcionamento do Rexistro Civil de forma integramente electrónica conforme as previsións contidas nesta lei, estean prestando servizos con destino definitivo no Rexistro Civil Central ou nos rexistros civís exclusivos, onde os houber, así como os que teñan asignadas funcións de Rexistro Civil nos xulgados de primeira instancia ou de primeira instancia e instrución, pasarán a desempeñar as funcións de encargados do Rexistro Civil, compatibilizándoas coas propias do cargo de letrado da Administración de xustiza da oficina xudicial a que estea adscrito o Rexistro Civil á entrada en vigor desta lei. As retribucións serán as que se determinen nas relacións de postos de traballo correspondentes, en atención ás funcións desenvoltas.

3. O persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza que, no momento da entrada en servizo efectiva das aplicacións informáticas que permitan o funcionamento do Rexistro Civil de forma integramente electrónica conforme as previsións contidas nesta lei, estea prestando servizos con destino definitivo no Rexistro Civil Central e nos rexistros civís exclusivos, onde os houber, ou teña asignadas funcións de rexistro nas oficinas xudiciais con adscrición de Rexistro Civil, continuará desenvolvendo as súas funcións respectivas de Rexistro Civil, compatibilizándoas, se é o caso, coas que exerza dentro da Administración de xustiza na oficina xudicial a que estea adscrito o Rexistro Civil, con aboamento da totalidade das retribucións que veña percibindo.

4. En canto non se implanten as estruturas e relacións de postos de traballo oportunas no ámbito do Rexistro Civil, manteranse os actuais centros de destino segundo o previsto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. As novas oficinas do Rexistro Civil que se implanten conforme esta lei consideraranse centro de destino para os funcionarios da Administración de xustiza.

As mencións que se realizan no artigo 521 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, ao Rexistro Civil teñen que entenderse feitas ás oficinas xerais, Central e colaboradoras do Rexistro Civil que se establezan no territorio do Estado en virtude do previsto nesta lei.

5. Tanto a elaboración das relacións de postos de traballo como os procesos de acoplamento do persoal funcionario que se acometan para a creación de oficinas do Rexistro Civil rexeranse polas normas que sobre implantación de oficina xudicial se conteñen na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, así como na normativa de desenvolvemento.»

Vinte e seis. A disposición transitoria décima queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria décima. *Destino dos xuíces encargados dos rexistros civís exclusivos e dos encargados do Rexistro Civil Central.*

1. Os xuíces e maxistrados que, no momento da entrada en servizo efectiva das aplicacións informáticas que permitan o funcionamento do Rexistro Civil de forma integramente electrónica conforme as previsións desta lei, se encontren prestando servizos con destino definitivo como encargados dos rexistros civís exclusivos e do Rexistro Civil Central poderán optar por manterse exercendo as ditas funcións en situación de servizos especiais na carreira xudicial, sempre que

accedesen á dita praza antes do 22 de xullo de 2011, data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» desta lei. Estas prazas declararanse a extinguir, pero manterán transitoriamente as mesmas retribucións que se estean percibindo antes de cambiar á situación de servizos especiais e amortizaranse cando cesen os titulares que as ocupan. Aqueles xuíces que non desexan ou non poidan permanecer nesas funcións quedarán na situación que se prevé nos puntos finais desta disposición.

2. Os asuntos xurisdicionais pendentes de resolver repartiranse entre os xulgados de primeira instancia ou de primeira instancia e instrución, segundo corresponda.

3. As competencias xurisdicionais atribuídas a xuíces e maxistrados por teren a condición de encargados do Rexistro Civil pasarán a corresponder aos xulgados de primeira instancia ou de primeira instancia e instrución, conforme as normas de competencia establecidas nas leis procesuais.

4. Os xuíces encargados dos rexistros civís exclusivos que, de acordo co disposto nesta lei, deixen de ter esta condición quedarán provisionalmente á disposición do presidente do Tribunal Superior de Xustiza correspondente, sen diminución das retribucións que veñan percibindo. Mentres permanezan nesta situación prestarán os seus servizos nos postos que determinen as respectivas salas de goberno e devindicarán as indemnizacións correspondentes por razón do servizo cando estes se presten en lugar distinto ao do Rexistro Civil en que estaban destinados, todo iso de conformidade co disposto na Lei orgánica do poder xudicial. Estes xuíces serán destinados aos xulgados ou tribunais do lugar e da orde xurisdicional da súa elección, na primeira vacante que se produza no órgano elixido, a non ser que se trate de prazas de presidente, de nomeamento discrecional ou legalmente reservadas a maxistrados procedentes de probas selectivas, agás que estes teñan esa condición, sempre que reúnan o resto de condicións obxectivas previstas na Lei orgánica do poder xudicial para poder acceder ás ditas prazas.

5. Os encargados dos rexistros civís centrais que, por virtude desta lei, deixen de ter esta condición quedarán adscritos á disposición do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid. Mentres permanezan nesta situación prestarán os seus servizos nos postos que determine a Sala de Goberno e serán destinados á primeira vacante que se produza en calquera sección civil da Audiencia Provincial de Madrid que o presidente determine, a non ser que se trate das prazas de presidente ou legalmente reservadas a maxistrados procedentes de probas selectivas, e para as que non se recoñeza especial preferencia ou reserva a especialista.

6. Non obstante o anterior, o tempo durante o cal os xuíces e maxistrados afectados poden permanecer en situación de adscrición provisional ás presidencias dos tribunais superiores de xustiza poderá estenderse, por petición do propio interesado, a dous anos contados desde o momento en que perderon a condición de encargados do Rexistro Civil.»

Vinte e sete. Introdúcese unha nova disposición transitoria décimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo primeira. *Referencias a resolucións xudiciais nos expedientes en tramitación.*

As mencións existentes noutras normas a autos e providencias que se poidan ditar nos expedientes que se encontran en tramitación nos rexistros civís de acordo co disposto na Lei do 8 de xuño de 1957, sobre o Rexistro Civil, e no Decreto do 14 de novembro de 1958, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Rexistro Civil, entenderanse referidas a resolucións do encargado do Rexistro Civil.»

Vinte e oito. A disposición derogatoria queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derogatoria. *Lei do 8 de xuño de 1957 do Rexistro Civil, Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, e Código civil.*

Quedan derogadas cantas normas se opoñan ao previsto nesta lei e, en particular, as seguintes:

1.^a Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, agás no disposto nas disposicións transitorias terceira, cuarta e quinta desta lei.

2.^a Os números 1 e 2 do artigo 27 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, agás no disposto na disposición transitoria cuarta desta lei.

3.^a Os artigos 325 a 332 do Código civil.»

Vinte e nove. A disposición derradeira primeira queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira primeira. *Dereito supletorio.*

En todo o non previsto en relación coa tramitación administrativa dos procedementos regulados nesta lei aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.»

Trinta. Modifícase o punto 2 da disposición derradeira segunda, que queda redactado como segue:

«2. As referencias que se atopan en calquera norma ao xuíz, alcalde ou funcionario que faga as súas veces, competentes para autorizar o matrimonio civil, deben entenderse referidas ao notario, encargado do Rexistro Civil ou funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil, para acreditar o cumprimento dos requisitos de capacidade e a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa; e ao xuíz de paz, alcalde ou concelleiro en quen este delegue, encargado do Rexistro Civil, notario, ou funcionario diplomático ou consular encargado do Rexistro Civil, para a celebración ante eles do matrimonio en forma civil.»

Trinta e un. A disposición derradeira sétima queda redactada do seguinte modo:

«Disposición derradeira sétima. *Competencias das comunidades autónomas en materia de Rexistro Civil.*

As comunidades autónomas terán participación neste ámbito exercendo as competencias executivas en materia de Rexistro Civil ou as que deriven de competencias asumidas en materia de medios materiais e persoais da Administración de xustiza; de acordo cos seus estatutos de autonomía, a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e esta lei, así como as demais disposicións normativas.»

Trinta e dous. A disposición derradeira oitava queda redactada como segue:

«Disposición derradeira oitava. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.5.^a e 8.^a da Constitución española, con excepción da disposición derradeira cuarta, que o fai con base no artigo 149.1.6.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva para ditar a lexislación procesual.»

Disposición adicional única. *Modificación do prazo previsto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, en relación co Inventario de bens mobles da igrexa.*

Amplíase por cinco anos o prazo previsto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, en relación co Inventario de bens mobles da igrexa, e en relación, pola súa vez, coa disposición adicional segunda da Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais de acontecementos de excepcional interese público, coa disposición transitoria primeira da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e coa disposición transitoria quinta da propia Lei 16/1985, do 25 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.5.^a e 8.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza e de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de abril de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN